

## **ESTATUTOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DE FERROL**

Aprobados pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, en sesión de 19 de Xaneiro de 2012.

### **CAPÍTULO PRIMEIRO**

#### **NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E FINS DA ESCOLA**

Artigo 1º.- **Natureza e réxime xurídico.** A Escola de Práctica Xurídica de Ferrol (en diante “a Escola”), constitúe un Centro de Formación Xurídica Profesional, dependente do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol (en diante “ICAFerrol”), que se rexerá polos presentes Estatutos e polas demais normas que lle sexan de aplicación.

A ESCOLA carece, xa que logo, de personalidade xurídica propia de seu.

Artigo 2º.- **Denominación e domicilio.** Terá a denominación de “ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DE FERROL”, e o seu domicilio na sede na que estea establecido o ICAFerrol, sen prexuízo de que, para o mellor desenvolvemento das súas actividades, poida contar con locais independentes e instalacións complementarias ás do propio Colexio.

Artigo 3º.- **Fins e obxectivos.-** A Escola ten como finalidade e obxectivos primordiais a preparación dos Licenciados e /ou Graduados en Dereito, procurándolles os coñecementos técnico-xurídicos e prácticos necesarios para o exercicio da profesión de Avogado e a súa formación continuada, así como impartir os Cursos de Formación Especializada de Acceso á Profesión de Avogado, de conformidade e cos requisitos establecidos na Lei 34/2006 de 30 de Outubro (BOE do día 31 do mesmo mes) de Acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais, e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 775/2011 de 3 de Xuño (BOE do día 16 do mesmo mes)

A Escola, dentro do seu ámbito de actuación, poderá, así mesmo, organizar e levar a cabo outras actividades dirixidas á formación continuada e especializada tanto dos alumnos como dos profesionais do Dereito, e establecer e subscribir convenios de colaboración con outras Institucións, ao obxecto de desenvolver e mellorar a preparación profesional dos alumnos.

A Escola fomentará tamén unha próxima e especial colaboración coa Universidade, a Administración de Xustiza e outros Colexios Profesionais.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### ORGANIZACIÓN DA ESCOLA

Artigo 4º.- **Órganos.** Os Órganos Reitores da Escola de Práctica Xurídica constitúenos: O Consello Reitor e o Director da Escola.

Artigo 5º.- **O Consello Reitor.** O Consello Reitor é o máximo órgano da Escola e estará composto polos seguintes membros:

Un Presidente, que será a Decana/o do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol.

Un Vicepresidente, que será o Director/a da Escola de Práctica Xurídica.

Un Secretario, que será o do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol.

Tres Vogais, que serán:

O Subdirector/a da Escola de Práctica Xurídica.

Dous membros da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, dos que un deles deberá ser preferentemente o Tesoureiro ou o Contador.

O Director, o Subdirector e os Vogais, serán designados e no seu caso cesados, pola Xunta de Goberno do ICAFerrol.

Artigo 6º.- **Funcionamento do Consello Reitor.** O Consello Reitor reunirse dúas veces ao ano, unha antes do inicio do curso académico, e outra logo da finalización do mesmo. Reunirse ademais cando o soliciten ao menos dous membros.

O Consello quedará validamente constituído se asiste un mínimo de catro membros, e será presidido polo seu Presidente, e na súa ausencia, polo Director da Escola ou Subdirector.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.

O Secretario, ou quen faga as súas funcións, levantará acta das sesións.

Artigo 7º.- **Funcións.** Son Funcións do Consello Reitor:

- a) A aprobación do Plan Xeral de Actividades da Escola.
- b) A aprobación do Plan de Estudos e os Programas que han de rexer en cada curso.
- c) A aprobación da Memoria Académica anual relativa ao desenvolvemento das actividades da Escola.

- d) Todas as decisións que afecten ao funcionamento académico da Escola, e especialmente: Nomear e cesar ao Profesorado da Escola, os Coordinadores de Área e os Titores, previa proposta do Director da Escola, así como a selección e designación dos Despachos colaboradores para a realización de Prácticas.
- e) Propor e someter á aprobación da Xunta de Goberno do Colexio de Avogados, no seu caso, a fixación de remuneracións aos Profesores e Formadores da Escola.
- f) Aprobar o orzamento anual e as contas de cada exercicio
- g) Adoptar acordos de carácter disciplinario polas infraccións en que poidan incurrir os alumnos dos plans e programas formativos, nos casos de incumprimento dos requisitos mínimos esixidos de asistencia, prácticas obrigatorias ou calquera outro incumprimento grave das súas obrigas, previa audiencia do alumno afectado.
- h) Resolver cantos asuntos lle sexan sometidos polo Presidente ou calquera dos membros do Consello Reitor, así como a resolución das queixas que poidan presentarse a instancia dos Alumnos, Profesores ou Titores.
- i) Propor á Xunta de Goberno a extinción e liquidación da Escola ou a modificación dos presentes Estatutos.

**Artigo 8º.- O Presidente do Consello Reitor.** Son atribucións do Presidente do Consello Reitor:

- a) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello Reitor.
- b) Representar á Escola.
- c) Convocar e presidir as reunións do Consello Reitor.
- d) Exercer o voto de calidade en caso de empate nas votacións
- e) Todas as demais que se lle atribúa por lei o polos presentes estatutos.

**Artigo 9º.- O Director da Escola.** O Director da Escola será nomeado pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, por un período de catro anos que poderán ser prorrogados.

A Xunta de Goberno poderá cesalo en calquera momento. Correlativamente, o Director poderá renunciar ao cargo en calquera momento.

O cargo poderá ser remunerado na forma establecida pola Xunta de Goberno, pero non implicará relación laboral, nin co Colexio de Avogados nin coa Escola.

**Artigo 10º.- Funcións do Director.** Son atribucións do Director da Escola:

- a) Cumprir e facer cumprir os acordos do Consello Reitor.
- b) Dirixir a organización técnica e o funcionamento da Escola.
- c) Redactar e propor o Plan Xeral de Actividades, a Memoria Académica anual, o Plan de estudos e os programas que han rexer en cada curso.
- d) Confeccionar e elevar ao Consello Reitor a proposta do orzamento anual da Escola.
- e) Propor ao Consello Reitor o nomeamento de Profesores da Escola, dos Coordinadores de Área e dos Titores.
- f) Acordar a concesión de Certificados, que serán expedidos polo Secretario da Escola.

- g) Elevar ao Consello Reitor cantas propostas estime convenientes para o desenvolvemento das actividades da Escola.
- h) Impulsar, orientar e coordinar os Servizos Académicos da Escola, ditando as instrucións de réxime interno necesarias para o seu bo funcionamento.
- i) Propor ao Consello Reitor as medidas de carácter disciplinario polas infraccións en que poidan incorrer os alumnos dos plans e programas formativos, nos casos de incumprimento dos requisitos mínimos esixidos de asistencia, prácticas obrigatorias ou calquera outro incumprimento grave das súas obrigas.
- j) Convocar, presidir e participar con voto de calidade, as Xuntas de Profesores e demais membros docentes da Escola.
- k) As demais funcións que o Consello Reitor lle asigne.

Artigo 11º.- **O subdirector da Escola.** O Subdirector será designado pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, por un período de catro anos que poderán ser prorrogados.

A Xunta de Goberno poderá cesalo en calquera momento. Correlativamente, o Subdirector poderá renunciar ao cargo en calquera momento.

O subdirector da Escola substituirá ao Director na súa ausencia e terá as demais funcións que o Consello Reitor lle asigne

Artigo 12º.- **O Secretario da Escola.**

Ao Secretario da Escola compéttelle a custodia da documentación da Escola, autorizar as actas das reunións do Consello Reitor, dar fe dos seus acordos e a expedición de certificacións.

Poderá ser substituído polo Conselleiro que se elixa entre os membros do Consello Reitor.

### **CAPÍTULO III**

#### **DOS PROFESORES E DOS ALUMNOS.**

Artigo 13º.- **Os profesores.** O profesorado da Escola será designado en cada curso e para cada actividade da Escola polo Consello Reitor a proposta do Director, tendo en conta as súas capacidades e cualidades profesionais e pedagóxicas nos distintos aspectos da práctica xurídica. A relación non terá carácter laboral, nin coa Escola, nin co Colexio de Avogados.

Polo menos o 60 por cento dos membros deberán ser avogados en exercicio, cun mínimo de experiencia profesional de cinco anos; o 40 por cento restante poderán ser outros operadores xurídicos (Profesores Universitarios, Xuíces, Fiscais, Secretarios, Notarios, Rexistradores, Procuradores, Forenses, etc.), ou outros profesionais relacionados coa ciencia xurídica.

Artigo 14º.- **Remuneración do persoal.** O profesorado e o persoal que realice funcións técnicas na Escola será remunerado segundo as responsabilidades, docentes ou non, e os criterios aprobados pola Xunta de Goberno do ICAFerrol, sen prexuízo do acordado en Convenios ou acordos que se poidan subscribir con outras Institucións ou Entidades.

Artigo 15º.- **Obrigas.** O persoal deberá cumprir as obrigas asumidas de acordo coas normas da Escola e as instrucións que reciban do Director. A proposta do Director, o consello Reitor poderá afastalos das súas responsabilidades en caso de incumprimento da tales normas ou instrucións.

Artigo 16º.- **Os alumnos.** Adquirirase a condición de alumno coa formalización da matrícula para cada curso ou programa, de acordo cos requisitos que se esixan en cada caso.

Artigo 17º.- **Dereitos dos alumnos.** Os alumnos terán dereito a:

- a) Recibir unha formación profesional e práctica de calidade, de acordo ao Plan de Estudos aprobado para cada curso, previamente verificado e acreditado polos organismos competentes, que garanta os obxectivos e competencias que deben adquirirse para o acceso e exercicio da Profesión de Avogado.
- b) Utilizar todas as instalacións e servizos da Escola.
- c) Ter á súa disposición o Titor ou Equipo de Titores para a realización, axuda e supervisión das prácticas, tanto internas como externas.
- d) Recibir puntual información da Escola sobre os temas que lle afecten directamente (programa de estudos, horarios, asistencia ás clases, realización de prácticas, etc.).
- e) A concorrer en igualdade de condicións ás bolsas ou axudas que se establezan.
- f) A aprazar os pagamentos das matrículas e demais débedas, na forma que previamente se estableza.
- g) A elixir un representante como interlocutor cos Órganos da Escola, así como cos Profesores e Titores.
- h) A formular queixa, ante a Dirección da Escola ou o seu Consello Reitor.
- 1) Ofrecer á Escola, calquera suxestión de mellora.
- j) Participar en actividades complementarias, na forma que organicen tanto a Escola como o Colexio de Avogados, xa sexan formativas, culturais, lúdicas, de recreo, etc.
- k) Todos aqueloutros dereitos recoñecidos legal ou estatutariamente.

Artigo 18º.- **Obrigas dos alumnos.** Son Obrigas dos Alumnos:

- a) Cumprir as normas da Escola, atendendo e respectando as resolucións e instrucións dos seus Órganos de Goberno.

- b) Asistir ás clases con regularidade, cumprindo o mínimo de asistencia ás horas lectivas que se estableza para cada curso. Colaborar activamente, en todas aquelas actividades nas que sexa necesaria a súa participación (prácticas, simulacións de xuízos, asistencia a xuízos reais, asistencia a Despachos de Avogados dentro do horario establecido, asistencia a outros Organismos Públicos, conferencias, etc.)
- c) Realizar, en tempo e forma, o pago de matrícula e demais abonos establecidos.
- d) Respetar coa máxima lealdade, colaboración e solidariedade a todos os Compañeiros, Profesores, Titores, e demais persoas coas que o Alumno se relacione no desenvolvemento das súas actividades.
- e) Todas as demais obrigas establecidas por lei ou que se deduzan dos presentes estatutos.

## **CAPÍTULO IV**

### **DO RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 19º.- **Orzamento e balance.** A Escola contará cun Orzamento propio, que se elaborará anualmente, no que se consignarán os ingresos e gastos afectos aos seus fins específicos.

O Consello Reitor decidirá o procedente para a execución do exercicio económico, autorizar ingresos e gastos, etc.

Anualmente o Director presentará ao Consello Reitor o balance económico, para a súa aprobación.

Artigo 20.- **Dos ingresos.** Os ingresos estarán constituídos polas matrículas e taxas que xere a actividade da Escola, así como polas achegas que poidan asignarse por parte do Colexio de Avogados, ou por outras institucións públicas ou privadas, sexa con carácter de subvención, participación en actividades comúns, ou calquera fonte lícita en dereito, a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 21.- **Dos gastos.** Os gastos estarán constituídos polas retribucións ao persoal técnico e docente (director, coordinadores, titores, profesores, e demais colaboradores); así como polos conceptos de mantemento e funcionamento da Escola nas súas actividades.

#### **Disposición Final.**

Os presentes Estatutos entrarán en vigor, o día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno.

En Ferrol, a 19/01/2012.